

ANEXO DE ADAPTACIÓN Á NOVA ORDE DE AVALIACIÓN DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia supón unha importante modificación no calendario e procedemento de avaliación polo que cómpre revisar e adaptar as programacións didácticas do noso departamento.

A adaptación á nova orde concrétase nos seguintes puntos:

Con respecto aos cursos da ESO:

- Elimínase da programación toda referencia á proba extraordinaria.
- A proba de lectura, que non será indispensable para superar a materia, aportará o 10% da cualificación. Non se realizarán recuperacións das probas de lectura.
- Realizaranse durante o curso recuperacións das tres avaliacións (a cualificación obtida substituirá unicamente a nota dos exames).
- Na semana do 6 de xuño de 2022 terá lugar a terceira avaliación. Coas notas das tres avaliacións calcularase un valor provisional para a cualificación da avaliación ordinaria facendo media ponderada das tres avaliacións.
- O alumnado con dita cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia suspensa mediante a superación dunha proba escrita final. Esta mellora permitirá acadar ata dous puntos máis na nota final.

Con respecto a 1º BAC:

- Realizaranse, durante o curso, recuperacións das tres avaliacións. A cualificación será a da nota do exame.
- O alumnado con cualificación inferior a 5 poderá recuperar a materia na proba final extraordinaria no mes de xuño.